



DISPONIBILIDADES TECNOLÓXICAS

E ADECUACIÓN DE MEDIOS PARA TELETRABALLAR

PERSOAL TÉCNICO, DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UDC

As persoas traballadoras da UDC que desexen traballar en modalidade de teletraballo deberán dispoñer dos seguintes medios técnicos:

- 1. Conexión de internet:** Respecto da conexión de Internet, deberán dispoñer dunha conexión a Internet rápida e estable no ordenador que se empregará para o teletraballo, de forma que as ferramentas VDI e Teams funcionen correctamente.



- 2. Comunicación telefónica:** Respecto da posibilidade de comunicación telefónica, deberán aceptar redireccionar a súa extensión telefónica para estar localizables durante a xornada laboral.

- 3. Videoconferencia e telefonía:** Respecto da videoconferencia e telefonía, deberán dispoñer de micrófono e altosfalantes ou cascos (como dispositivos individuais ou integrados no seu equipo), que lles permitan realizar, con suficiente calidade, videoconferencias coa aplicación Teams.



- 4. Equipo informático:** Respecto do equipo informático, deberán dispoñer dun equipo actualizado en que se poida abrir un navegador e instalar o cliente VDI, desde o cal utilizar as aplicacións que son necesarias para o seu traballo coa axilidade suficiente.



- 5. Antivirus:** Se o equipo dispón do sistema operativo Windows, este deberá ter unha licenza de antivirus actualizada ou, se conta con outro sistema operativo, deberá estar protexido con algún software específico.



- 6. Administración do equipo:** Se comparten o equipo informático no seu fogar, o/a traballador/a debe ser o administrador/a do equipo, de xeito que ningunha outra persoa poida entrar na súa sesión ou acceder ao seu contido. Ademais, o/a traballador/a debe bloquear a súa sesión cando se ausente do seu posto.

